

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A XESTIÓN E DIRECCIÓN DO CURSO DE FORMACIÓN DE MESTRES/AS COMPOSTEIRO/AS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DENTRO DO PROGRAMA REVITALIZA DE COMPOSTAXE

Pontevedra, 2 de abril de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. César Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra e Deputado Delegado do Plan Provincial de Compostaxe, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da outra, D. Salustiano Mato de la Iglesia, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 47/2014, de 24 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 79, do 25 de abril de 2014, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010 (BOE núm. 69, de 20 de marzo de 2010) e con enderezo en Edificio Reitoría, Campus Universitario, 36310 Vigo.

E dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

As dúas partes recoñécense con capacidade legal e representación suficiente para subscribiren o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

EXPOÑEN


I. Que segundo o establecido no Protocolo de colaboración asinado o 18 de decembro de 2015 entre a Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra, ambas entidades acordaron o establecemento de relacións de colaboración para realizar actividades e proxectos de forma conxunta que supoñan unha mellora para a sociedade.

II. A Lei orgánica de universidades, no seu artigo 34.1, outórgalles ás universidades, no uso da súa autonomía, a posibilidade de dispensar ensinanzas conducentes á obtención de diplomas ou títulos propios, así como ensinanzas de formación ao longo de toda a vida. Os devanditos diplomas ou títulos carecerán dos efectos que as disposicións legais lles outorguen aos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.


III. Que no eido do medio ambiente, e máis especificamente no da xestión de residuos, a Universidade de Vigo ten desenvolvido proxectos de compostaxe desde a escala do laboratorio ata a escala industrial e dispón de equipamento humano e do instrumental axeitado para colaborar activamente no Plan Revitaliza.

IV. Que dende a posta en marcha do Plan Revitaliza de compostaxe, a Deputación de Pontevedra adquiriu a obriga de dotarse de persoal propio para botar a andar o proxecto por parte dos Concellos e para facer asesoramento posterior. Para iso a Administración Provincial formou durante o ano 2017 a 17 mestres composteiros que teñen a función tanto dar soporte técnico como participar activamente nos traballos físicos xunto cos veciños que se involucren neste proceso de compostaxe comunitario, resolvendo as dúbidas e os problemas que poidan xurdir durante as fases do proceso, pero que finalizan a súa bolsa o próximo mes de xuño.

V. En relación co anterior, tendo en conta que unha provisión anual destes bolseiros resulta imprescindible para o desenvolvemento do Plan Compost Revitaliza dun xeito eficiente, a Deputación Provincial de Pontevedra xa está a tramitar o proceso selectivo para a contratación de **25 novas bolsas de prácticas laborais** destinadas a persoas desempregadas coa finalidade de completar a súa formación na área da xestión dos residuos orgánicos de orixe doméstico cara á súa incorporación ao mercado laboral como mestres composteiros.



Entre todos os concorrentes seleccionaranse a 30 aspirantes que deberán realizar un curso de formación impartido por persoal especializado na materia, cunha duración de 6 semanas, co obxecto de formalos como "mestres/as composteiros/as" de xeito que 25 deles resulten elixidos para exercer como asesores e animadores deste método de tratamento da materia orgánica de orixe domiciliario naqueles concellos da provincia de Pontevedra adheridos ao Plan Compost Revitaliza impulsado dende a Deputación de Pontevedra.



VI. A pesar do éxito acadado nos anos anteriores, ao que asistiron como docentes profesionais de recoñecido prestixio no sector (de Cataluña, Navarra, Guipuzcoa, Austria ou Italia), na realización do curso de formación botábase en falta a realización dunha serie de prácticas en laboratorio que permitisen aos alumnos/as valorar e coñecer a evolución dos parámetros de control dos procesos de compostaxe e vermicompostaxe e valorar e interpretar o grado de madurez, estabilidade e calidade dos composts, entre outros.

Por iso, este ano a organización do curso de formación realizarase en colaboración coa Universidade de Vigo que porá a disposición da Deputación de Pontevedra os medios técnicos e persoais necesarios para levar a cabo ditas prácticas nas instalacións que o equipo de Biotecnoloxía Ambiental ten no Campus de Vigo, no laboratorio de investigación situado no edificio CACTI, así coma nos recintos de experimentación e noutros espazos que posúe o equipo; ademais, a organización do curso por parte da Universidade de Vigo permitirá que apareza configurado como título propio da mesma.

Que en virtude das consideracións anteriores, a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo acordan subscribir o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBXECTO

A través deste convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo para a organización e desenvolvemento do curso de mestres/as composteiros/as do Plan Revitaliza de compostaxe do ano 2018 no que participarán as 30 persoas que superen o proceso selectivo posto en marcha pola Administración Provincial e que culminará coa selección de 25 bolseiros/as coa finalidade de completar a súa formación na área de xestión dos residuos orgánicos de orixe doméstico cara a súa incorporación ao mercado laboral como mestres/as composteiros/as.

SEGUNDA.- DEFINICIÓN DAS ACTUACIÓNS CONCRETAS A DESENVOLVER

As actuacións concretas a desenvolver en virtude do presente convenio defínense de acordo co plan de traballo, persoal e orzamento que se especifican no Anexo I que se achega ó presente convenio.

A duración do curso será de 6 semanas e constará dos seguintes módulos:

MÓDULO I. Os residuos sólidos: Encadre legislativo/normativo e comunicativo/educativo.

Módulo teórico no que se exporá o marco normativo na xestión dos residuos sólidos de ámbito municipal e as actividades de educación ambiental na xestión dos residuos. Este módulo será impartido por 10 docentes e terá unha duración de 14 horas a realizar na semana do 2 ó 6 de abril. Impartírase en horario de tarde de luns a xoves de 15:30 a 17:00 e de 17:30 a 19:00. O exame do módulo realizarase o venres de 10:00 a 12:00.

MÓDULO II. Os residuos sólidos: Encadre tecnolóxico/científico.

Módulo teórico no que se exporá a tipoloxía e caracterización dos residuos sólidos, tratamentos biolóxicos dos residuos orgánicos e instalacións de xestión. Este módulo será impartido por 12 docentes e terá unha duración de 14 horas a realizar na semana do 9 ó 13 de abril. Impartírase en horario de tarde de luns a xoves de 15:30 a 17:00 e de 17:30 a 19:00. O exame do módulo realizarase o venres de 10:00 a 12:00.


MÓDULO III. Os residuos sólidos: encadre recollidas/loxística/xestión.

Módulo teórico no que se exporá o análise da recollidas selectivas da fracción orgánica do residuo municipal no ámbito autonómico, estatal e europeo: historia e estado actual. Este módulo será impartido por 10 docentes e terá unha duración de 14 horas a realizar na semana do 16 ó 20 de abril. Impartírase en horario de tarde de luns a xoves de 15:30 a 17:00 e de 17:30 a 19:00. O exame do módulo realizarase o venres de 10:00 a 12:00.

MÓDULO IV. Plan REVITALIZA


Módulo teórico no que se exporá en detalle o Plan Compost Revitaliza. Este módulo será impartido por 4 docentes e terá unha duración de 14 horas a realizar na semana do 23 ó 27 de abril. Impartírase en horario de tarde de luns a xoves de 15:30 a 17:00 e de 17:30 a 19:00. O exame do módulo realizarase o venres de 10:00 a 12:00.

MÓDULO V. Técnicas de compostaxe individual (COIN) e compostaxe comunitario (CCC)



Módulo práctico sobre as accións a desenvolver nos composteiros individuais e nos composteiros comunitarios, a exercer en diferentes instalacións da provincia de Pontevedra. Os alumnos dividiranse en 3 grupos de 10 alumnos que recibirán 16 horas de formación. Este módulo será impartido por 11 docentes e realizarase na semana do 2 ó 4 e 10 de maio. Impartírase en horario de mañá e tarde de mércores a venres de 09:30 a 13:30 e de 15:30 a 19:30. O exame do módulo realizarase o xoves 10 de maio no mesmo horario.

MÓDULO VI. Técnicas analíticas de proceso y técnicas analíticas de produto



Módulo práctico sobre as accións de control do proceso de compostaxe e vermicompostaxe, análise de parámetros dos produtos e cultivo de miñocas e determinación das súas características específicas. Os alumnos dividiranse en 3 grupos de 10 alumnos que recibirán 10 horas de formación cada grupo. Este módulo será impartido por 4 docentes e realizarase na semana do 5, 6, 7 e 11 de maio. Impartírase en horario de mañá e tarde de luns a mércores de 09:30 a 13:30 e de 15:30 a 19:30. O exame do módulo realizarase o venres día 11 de maio de 10:00 a 12:00.

O total de horas do curso é de 56 horas teóricas e 26 horas prácticas. Os alumnos obterán a cualificación de aptos se obteñen unha puntuación media mínima de 5, resultado das avaliacións dos módulos.

TERCEIRO.- OBRIGA DAS PARTES

A Universidade de Vigo asume os seguintes compromisos:

1. Realizar a formación e poñer a disposición o persoal docente e técnico do grupo de investigación necesario para o correcto desenvolvemento do curso de formación de mestres/as composteiros/as do Plan Revitaliza.
2. Xustificar ante a Deputación de Pontevedra a realización da actividade do obxecto do presente convenio de colaboración.
3. Poñer a disposición os medios materiais necesarios para o desenvolvemento do curso contando coas propias instalacións, laboratorios e equipos do grupo de investigación.
4. Expedir o diploma de Mestres/as Composteiros/as ós alumnos considerados aptos segundo os requisitos e o sistema de avaliación do curso.

A Deputación de Pontevedra asume os seguintes compromisos:

1. Entregarlle ao grupo de investigación os fondos pactados.
2. Comprobar o cumprimento das condicións ou requisitos determinantes para a súa entrega.
3. Pór a disposición do grupo de investigación a información necesaria e as instalacións para a correcta organización e desenrolo do curso.
4. Participar na coordinación e na programación do curso.
5. Participar na toma de decisións que afecten ao desenvolvemento da actividade.

CUARTA.- CONDICIÓN E FINANCIAMENTO.

A Deputación Provincial de Pontevedra financiará o presente convenio cunha achega económica máxima de VINTENOVE MIL CENTO CINCUENTA EUROS (29.150,00 €), IVE incluído, que se afrontará con cargo á aplicación orzamentaria 18/923.1623.453.94 do vixente Orzamento Provincial, de acordo ao seguinte detalle:

REMUNERACIÓN PROFESORADO DO CURSO	7.380
DESPRAZAMENTOS E GASTOS ASOCIADOS DOS PONENTES E A SECRETARÍA TÉCNICA	7.500
MATERIAIS DO CURSO	6.355
FUNXIBLE	3.000
MATERIAL INFORMÁTICO	1.180
OUTROS GASTOS (análises do CACTI e preparación de equipos)	2.175
CONTRATO DE PERSOAL PARA A SECRETARÍA TÉCNICA	3.500
REMUNERACIÓN DIRECCIÓN	625,5
REMUNERACIÓN DEPARTAMENTO	874,5
CUSTES UVIGO (10%)	2.915
TOTAL PROXECTO	29.150 €

Esta contía aboarase nos seguintes prazos:

- O 50% do orzamento no prazo de 10 días hábiles desde a sinatura do convenio de colaboración previa solicitude motivada por escrito por parte da Universidade de Vigo.
- Para o abono do 50% restante, a Deputación Provincial de Pontevedra efectuará unha liquidación de pagamento ao remate da vixencia do convenio a favor da Universidade de Vigo previa xustificación por parte desta dos gastos derivados do curso, debendo acreditar que non está incurso en ningunha causa de prohibición para percibir axudas ou para contratar, mediante declaración responsable asinada pola súa persoa representante, e presentar ou autorizar a institución provincial para que obteña as certificacións de Facenda do Estado e da Tesourería Xeral da Seguridade Social de que a entidade que representa está ao corrente nas súas obrigas tributarias

QUINTA. EMISIÓN DE INFORMES.

A Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo manterán unha comunicación constante durante a preparación e desenvolvemento do curso. Trala finalización do mesmo a Universidade de Vigo entregará un informe no que se fará constar a consecución do programa, incidencias e observacións.

SEXTA.- SEGUIMIENTO DOS TRABALLOS

A responsable do desenvolvemento dos traballos por parte da Universidade de Vigo será a profesora Dna. Josefa Garrido González, coordinadora do grupo de investigación Bioloxía Ambiental (BA2), que terá como interlocutores válidos por parte da Deputación Provincial de Pontevedra a D. Carlos Pérez Losada e Dna. María Martínez Abrales, e que supervisarán o correcto desenvolvemento do curso.

SÉTIMA.- DURACIÓN.

A duración do convenio establécese dende a data da súa sinatura ata o 31 de xullo do 2018, sen prexuízo de que ao abeiro deste Convenio financiaranse os gastos nos que incorra a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do curso desde o seu inicio previsto para o 2 de abril de 2018.

OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Son causas da resolución do convenio:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
2. O acordo unánime dos asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Por calquera das causas contempladas na normativa da universidade sobre o contido do convenio.

NOVENA.- PUBLICIDADE

A Universidade de Vigo comprométese a facer constar a colaboración e a participación da Deputación en toda a publicidade que elabore sobre o convenio, calquera que sexa o medio de difusión. A institución provincial resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio.

Para todo o relativo ó tema da publicidade seguiranse as instrucións establecidas polo Servizo de Comunicación Institucional, a través da seguinte dirección: comunicacion@depo.es

DÉCIMO. REMISIÓN DO CONVENIO AO TRIBUNAL DE CONTAS

Unha vez concluído o exercicio correspondente procederase á remisión do presente Convenio ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2017008767, de data 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste Convenio non superan os 600.000,00 euros.

DÉCIMO PRIMEIRA- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE E COMPETENCIA

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas, polas normas xerais do dereito administrativo e polo establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse relativas a súa interpretación ou cumprimento perante a xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio en triplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación de Pontevedra



César Mosquera Lorenzo

Pola Universidad de Vigo



Salustiano Mato de la Iglesia

O Secretario Xeral



Carlos Cuadrado Romay



Universidade de Vigo

ANEXO I. MEMORIA DESCRIPTIVA


*XESTIÓN E DIRECCIÓN DO CURSO DE FORMACIÓN DE MESTRES/AS
COMPOSTEIRO/AS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA*

Marzo 2018

Equipo de Biotecnoloxía Ambiental

Dpto. de Ecoloxía e Bioloxía Animal

Universidade de Vigo



ÍNDICE

1. Xustificación.....	3
2. Obxectivos	3
3. Coordinación do curso	3
4. Secretaría técnica do curso	4
5. Prácticas do curso por parte da UVIGO	4
6. Orzamento.....	5
ANEXO I. PROGRAMA.....	6
ANEXO II. MÓDULO VI.....	10



1. Xustificación

A Deputación Provincial de Pontevedra puxo en marcha no ano 2015 o Plan Compost Revitaliza co obxectivo principal de xestionar e tratar mediante compostaxe a fracción orgánica do residuo municipal. Como consecuencia diso xurdiu a necesidade de formar a persoal especializado na área de xestión dos residuos orgánicos de orixe doméstica.

Nesta memoria establécese a colaboración do Equipo de Biotecnología Ambiental da Universidad de Vigo (en adiante UVIGO) na dirección e desenrolo do curso de formación de MESTRES/AS COMPOSTEIROS/AS (en adiante MECOs) dentro do plan Revitaliza levado a cabo pola Deputación de Pontevedra.

2. Obxectivos

A colaboración da UVIGO coa Deputación de Pontevedra ten como finalidade establecer:

- A dirección e coordinación do curso de MECOs que terá lugar no ano 2018.
- A realización das funcións de secretaría técnica para a organización de dito curso.
- Impartir as prácticas de laboratorio na UVIGO ao abeiro do curso correspondentes ao módulo VI.

3. Coordinación do curso

A coordinadora do curso de MECOs pola UVIGO Dona Josefina Garrido González dirixirá os traballos correspondentes nas oficinas da UVIGO necesarios para a tramitación e correcta realización do curso de acordo co Regulamento de cursos de especialización e convenios aprobado na sesión do Claustro Universitario celebrada o día 17 de decembro de 1996 e modificado na Xunta de Goberno do 20 de xullo de 2000.

4. Secretaría técnica do curso

Será a responsable de xestionar todo o relativo aos asuntos técnicos e organizativos que se expoñan na preparación e durante a realización do curso de MECOs. A persoa contratada pola UVIGO para a consecución das labores da secretaría técnica terá as seguintes responsabilidades:

- Relacións cos relatores: calendario, reservas hoteleiras, de avións etc.
- Relacións cos alumnos do curso.
- Preparación e entrega de documentación.
- Organización dos seminarios e coordinación dos lugares nos que se imparte a formación.
- Asistencia e colaboración nos seminarios.

No Anexo I preséntase o programa do curso de MECOs coa relación dos relatores de cada curso.

5. Prácticas do curso por parte da UVIGO

As prácticas desenvolveranse nas instalacións que o equipo de Biotecnoloxía Ambiental ten no Campus de Vigo: no laboratorio de investigación situado no edificio CACTI, así coma nos recintos de experimentación e noutros espazos que posúe o equipo.

A finalidade das prácticas é que os alumnos do curso de MECOs adquiran as competencias necesarias que lles permitan:

- ✓ Valorar e coñecer a evolución dos parámetros de control dos procesos de compostaxe e vermicompostaxe a escala de laboratorio.
- ✓ Valorar e interpretar o grado de madurez, estabilidade e calidade dos composts.

No anexo II inclúese o programa das prácticas a desenvolver no Módulo VI do curso de MECOs.

6. Orzamento

A continuación preséntase o orzamento relativo as accións indicadas nos apartados anteriores:

REMUNERACIÓN PROFESORADO DO CURSO	7.380
DESPRAZAMENTOS E GASTOS ASOCIADOS DOS PONENTES E A SECRETARÍA TÉCNICA	7.500
MATERIAIS DO CURSO	6.355
FUNXIBLE	3000
MATERIAL INFORMÁTICO	1180
OUTROS GASTOS (análises do CACTI e preparación de equipos)	2175
CONTRATO DE PERSOAL PARA A SECRETARÍA TÉCNICA	3.500
REMUNERACIÓN DIRECCIÓN	625.5
REMUNERACIÓN DEPARTAMENTO	874.5
CUSTES UVIGO (10%)	2.915
TOTAL PROXECTO	29.150 €

Este orzamento inclúe:

- Os custes de persoal contratado para a Secretaría Técnica.
- Os custes do persoal docente do curso para impartir os seminarios e as prácticas.
- Os gastos asociados ós relatores do curso como son: viaxes, aloxamento, etc.
- Os gastos materiais ocasionados pola realización do curso e das prácticas, incluíndo a parte proporcional da amortización dos equipos empregados.
- Os gastos de desprazamento do persoal da Secretaría Técnica.

ANEXO I. PROGRAMA

PROGRAMA DO CURSO DE FORMACIÓM DE MESTRES/AS COMPOSTEIROS/AS

MODULO I

Denominación: Os residuos sólidos: Encadre legislativo.

Sesión-1ª

- ✓ Margarita Ruiz Sainz-Aja (MAPAMA): Marco normativo/legislativo español.
- ✓ Verónica Tellado (XUNTA): Marco normativo/legislativo galego.

Sesión-2ª

- ✓ Sergio Sastre (ENT): Ordenanzas municipais e taxas de residuos.
- ✓ Lander Antepara (L&A Asociados): Normativas específicas compostaxe comunitaria.

Sesión 3ª

- ✓ Frederic Puig (SPORA): Análise de custes nas xestións de residuos.
- ✓ Joan Colón (UdVic): Análise de Ciclos de Vida (ACV) aplicado á xestión de residuos.

Sesión 4ª

- ✓ Manuel Domínguez (CEIDA): Plan de divulgación/educación do REVITALIZA no 100% dos centros (públicos e concertados) de ensino infantil, primario e secundario obrigatorio (ESO) da provincia de Pontevedra.
- ✓ María Durán (Amigos da Terra): Divulgación/formación/asistencia ós COIN dentro do REVITALIZA (45').
- ✓ MECOs/REVITALIZA: Divulgación/formación/asistencia do REVITALIZA (45').

MODULO II

Denominación : Os residuos sólidos: Encadre tecnolóxico/científico.

Sesión-1ª

- ✓ José Antonio Alvarez Alcoba (SOGAMA): Exposición sobre as instalacións de Sogama en Cerceda.

- ✓ David García Armesto (ALBADA): Exposición sobre as instalacións de Albada en Nostián.

Sesión-2ª

- ✓ Fernando Blázquez Andrés (ECOEMBES): 45'.
- ✓ Germán Fernández Freire (ECOVIDRIO): 45'.
- ✓ Pendente de confirmación 45'.
- ✓ Pendente de confirmación 45'.

Sesión 3ª

- ✓ Ramón Plana (consultor): A compostaxe: Ciencia, tecnoloxía e implantación (2 h.).
- ✓ Rogelio Nogales (CSIC-Granada): Vermicompostaxe (1 h.).

Sesión 4ª

- ✓ Estela Pagáns (ODOURNET): Prevención/medida/tratamento de olores.
- ✓ Mª Elvira López Mosquera (USC): Compostaxe de algas.

MODULO III

Denominación: Os residuos sólidos: Encadre recollidas/loxística/xestión.

Sesión-1ª

- ✓ Michele Giavini (ARS Ambiente SRL): Historia e estado actual da xestión dos residuos (recollidas selectivas na orixe) en Italia.
- ✓ Ibón Goikoetxea (Ayuntamiento Usurbil).

Sesión-2ª

- ✓ Francesc Giró (ARC): Historia e estado actual da xestión dos residuos (recollidas selectivas na orixe) en Catalunya.
- ✓ Florian Amlinger (consultor): Historia e estado actual da xestión dos residuos (recollidas selectivas na orixe) en Austria).

Sesión 3ª

- ✓ Ramón Plana (consultor): Miscelánea xestións de residuos (orgánicos). Estado da arte: EU e resto.
- ✓ Joseba Sánchez Arrizmendarrieta (consultor): Historia e estado actual da xestión dos residuos (recollidas selectivas na orixe) en País Vasco/Navarra.

Sesión 4ª

- ✓ Francesco Storino
- ✓ Salustiano Mato (UVIGO).

MODULO IV

Denominación: REVITALIZA.

Sesións 1ª, 2ª, 3ª e 4ª

- ✓ María M. Abrales (REVITALIZA).
- ✓ Carlos Pérez (REVITALIZA).
- ✓ MECOs varios (REVITALIZA).

MODULO V

Denominación: Técnicas na compostaxe individual (COIN) e na compostaxe comunitario (CCC)

- Mércores (10 persoas):
 - ✓ Pola mañá nos CCC da cociña da CIPF, do Carlos Oroza, de Monteporreiro e do Campus A Xunqueira.
 - ✓ Pola tarde nos COIN e CCC de Vilaboa e O Grove.
- Xoves (10 persoas):
 - ✓ Pola mañá nos CCC da cociña da CIPF, do Carlos Oroza, de Monteporreiro e do Campus A Xunqueira.
 - ✓ Pola tarde nos COIN e CCC de Vilaboa e O Grove.
- Venres (10 persoas):
 - ✓ Pola mañá nos CCC da cociña da CIPF, do Carlos Oroza, de Monteporreiro e do Campus A Xunqueira.
 - ✓ Pola tarde nos COIN e CCC de Vilaboa e O Grove.
- Xoves (30 persoas):
 - ✓ Exercicio teórico/práctico na CIPF.

Profesorado

María M. Abrales (REVITALIZA).

Carlos Pérez (REVITALIZA).

MECOs varios (REVITALIZA).

MODULO VI

Denominación: Técnicas analíticas de proceso, técnicas analíticas de produto.

- Luns (10 persoas):
 - Mañá e tarde nos laboratorios/instalacións do Campus Marcosende.
- Martes (10 persoas):
 - Mañá e tarde nos laboratorios/instalacións do Campus Marcosende.
- Mércores (10 persoas):
 - Mañá e tarde nos laboratorios/instalacións do Campus Marcosende.
- Venres (30 persoas):
 - Exercicio teórico/práctico nas instalacións do Campus Marcosende.

Profesorado

Fuencisla Mariño

Iria Villar

David Alves

Salustiano Mato



ANEXO II. MÓDULO VI**Prácticas de Laboratorio sobre os procesos de Compostaxe e Vermicompostaxe.****Descrición**

Os contidos destas prácticas contribúen á formación e capacitación dos futuros MECOs. Os alumnos adquirirán coñecementos do análise e avaliación dos composts, de maneira que sexan capaces de relacionar o coñecemento sobre o proceso de compostaxe coa calidade do produto final. Os futuros MECOs coñecerán as características principais das miñocas e as condicións do control da compostaxe e vermicompostaxe a escala laboratorio e a nivel industrial. Os alumnos adquirirán capacidade para identificar as necesidades do proceso e capacidade crítica e analítica.

Profesorado:

Josefina Garrido Gonzalez – Coordinadora

Fuencisla Mariño Callejo – Profesora titular UVIGO

Salustiano Mato de la Iglesia – Catedrático UVIGO

Iria Villar Comesaña – Doctora UVIGO

David Alves Comesaña – Persoal Deputación (REVITALIZA)

Duración

As prácticas no campus de Vigo realizaranse en grupos de máximo 10 alumnos nunha xornada de 8 horas. O exame efectuarase en dúas horas.

Total: 10 horas

Metodoloxía

Os alumnos recibirán formación práctica sobre as características das miñocas e o seu manexo. Os alumnos realizarán analíticas no laboratorio de: densidade compactada, pH, condutividade eléctrica, materia orgánica, humidade, nitróxeno amoniacal, test de fitotoxicidade e test de maduración. Para elo empregarán compost en distinto estado de maduración. Ademais, daránselles nocións doutras analíticas coma granulometría, metais pesados, etc.

Os alumnos recibirán coñecementos prácticos sobre o control do proceso de compostaxe en laboratorio mediante a observación e interacción cos distintos sistemas de compostaxe dos que dispón o equipo.

Avaliación

Cada alumno elaborará un informe das analíticas realizadas no laboratorio. Ademais se lles entregarán datos doutros parámetros de maneira que no informe poidan realizar una avaliación da calidade e estabilidade dos composts.

O profesorado avaliará os alumnos tendo en conta o interese mostrado nas prácticas e o informe entregado por cada alumno (40%). Así mesmo, realizarase un exame tipo test para avaliar os coñecementos adquiridos (60%).

